

“Órgano único para a Defensa da Competencia”

Fernando Varela Carid. Vogal do TGDC.

**Artigo publicado o domingo 11 de maio de 2008 no suplemento
Mercados de “La Voz de Galicia”**

A nova Lei 15/2007, de 3 de xullo, de defensa da competencia, que entrou en vigor o pasado 1 de setembro, está mostrando xa notables resultados a nivel do Estado. A nova institución creada por esa Lei, a Comisión Nacional da Competencia, ten unha visibilidade moito maior que as institucións que a precederon, o Tribunal de Defensa da Competencia e o Servizo de Defensa da Competencia, e un maior protagonismo práctico que deriva da súa maior capacidade e autonomía para intervir cando se observan condutas no mercado que poden constituír infraccións das normas de competencia.

En Galicia seguimos tendo, polo momento, un esquema institucional baseado na existencia de dous organismos. Por unha parte, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia, independente da Administración, se ben inserido como órgano autónomo da Consellería de Economía e Facenda, que se encarga da resolución dos expedientes que recaen sobre condutas contrarias á competencia e do estudo e promoción dos méritos da competencia entre a sociedade galega. Por outra parte, o Servizo Galego de Defensa da Competencia, integrado como subdirección xeral na mesma Consellería, exerce a función de instrución dos expedientes.

Ora ben, a entrada en vigor da nova Lei de defensa da competencia introduciu importantes cambios non só institucionais, senón tamén referentes ao procedemento que se debe seguir nos expedientes sancionadores e ás competencias e capacidade de actuación dos órganos responsables de aplicar a lei.

Todas esas modificacións fan aconsellable proceder á unificación dos órganos de defensa da competencia a nivel autonómico. Madrid e Andalucía dispoñen xa de órganos únicos de defensa da competencia e Cataluña e o País Vasco están a traballar para adaptar a súa estrutura institucional a este novo modelo. Galicia, que foi a segunda comunidade autónoma en crear institucións propias de defensa da competencia, debe camiñar por esa mesma senda.

As vantaxes dun cambio institucional nesa liña son múltiples. Entre elas, eu destacaría dúas pola súa maior transcendencia. En primeiro lugar, a

nova institución, ao ter integrada a fase de instrución, aínda separada e independente da fase de resolución -como así debe ser-, vería potenciadas as súas capacidades de actuación de oficio, cuestión que é moi importante nun contexto social e económico como o que existe en Galicia, onde a denuncia dos particulares por motivos relacionados coa competencia aínda non está moi afianzada.

En segundo lugar, podería reforzarse a nova institución con maiores competencias, sobre a base da experiencia acumulada polos órganos actuais de defensa da competencia, para lograr unha maior eficacia na detección e prevención de condutas anticompetitivas, e entrar en campos novidosos, como o control de axudas públicas ou o seguimento e control das actuacións públicas que iría paralelo á capacidade, xa outorgada pola nova lei da competencia aos órganos autonómicos, para impugnar actos das Administracións públicas e normas con rango inferior a lei que podan obstaculizar a competencia nos mercados.